

Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

PRIMERO.- Por acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 29 de novembro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo, RPT, deste Concello de Lalín, de conformidade co establecido no artigo 22.2.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, LBRL, e co artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Dito anuncio, de aprobación inicial da RPT, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de decembro de 2024, núm. 236, de conformidade co establecido no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, someténdose a información pública polo prazo de 20 días, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- En relación coa mesma foron presentadas as seguintes alegacións, as cales foron desestimadas na súa integridade:

- 1.- CELSO TABOADA LORENZO, con DNI **8135***, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 2.- M^a JESÚS PAYO NEGRO, con DNI **8217***, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 3.- EVA PRIETO RODRÍGUEZ, con DNI **0892***, Educadora Familiar, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 4.- MARÍA PÉREZ SEOANE, con DNI **0942***, Técnica de Recursos Humanos, no departamento de Persoal e Emprego deste Concello de Lalín.
5. JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA, con DNI **8430***.

CUARTO.- Por acordo do Pleno da Corporación Municipal o día 31 de xaneiro do 2025, aprobouse definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo, RPT, deste Concello de Lalín, de acordo cos antecedentes obrantes no expediente e que constan a continuación deste documento, mediante copia da Certificación do Secretario Xeral deste Concello de Lalín.

QUINTO.- Remitir copia do acordo adoptado aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publicar integramente a modificación da Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia. De conformidade co artigo 38 da Lei 39/2015, do 2 de outubro,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: BEN4LU4J4LHASVTQ



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, este acordo producirá efectos a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lalín, na data da sinatura electrónica
A Concelleira Delegada de Réxime Interno
M.^a Paz Pérez Asorey

“CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de Lalín (Pontevedra)

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación Municipal o día 31 de xaneiro de 2025, a salvo do disposto no artigo 206 do ROF en relación á aprobación definitiva da acta, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

6.- EXPEDIENTE 4817/2024. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO-2025.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interno, de data 21 de xaneiro de 2025. De seguido o Sr. Secretario deu lectura ao Ditame favorable da Comisión informativa de Facenda, Patrimonio e Réxime Interno do día 27 de xaneiro de 2025.

Neste intre auséntase temporalmente da sesión o Sr. Alcalde, D. José Crespo Iglesias, quedando o grupo popular con dez (10) membros e sendo dezaioito (18) o número total de asistentes e presidida a sesión por D.^a Paz Pérez Asorey.

Logo das correspondentes intervencións (videoacta), sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de votación electrónica, obtívose o seguinte resultado:

- Votos a favor: dez (10) do PP.
- Votos en contra: catro (4), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.
- Abstencións: cinco (5), sendo un (1) do PP, por ausencia no momento da votación do Sr. Alcalde D. José Crespo Iglesias, e catro (4) de CxG.

Xa que logo, por MAIORÍA dos asistentes, APROBOUSE A PROPOSTA do seguinte tenor:

Visto o informe emitido polo Xefe de Servicio de Persoal e Emprego, de data 15 de xaneiro de 2025 (Cod. Validación: 4WRESEEJYATQ2TTSHZZ24W34H), que se transcribe de seguido de xeito literal:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: BEN4LU4J4LHASVTQ



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

"INFORME"

ASUNTO: ALEGACIÓNS PRESENTADAS EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DESTE CONCELLO DE LALÍN.

ANTECEDENTES

PRIMERO.- Por acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 29 de novembro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo, RPT, deste Concello de Lalín, de conformidade co establecido no artigo 22.2.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, LBRL, e co artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Dito anuncio, de aprobación inicial da RPT, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de decembro de 2024, núm. 236, de conformidade co establecido no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, someténdose a información pública polo prazo de 20 días, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- En relación coa mesma foron presentadas as seguintes alegacións:

- 1.- CELSO TABOADA LORENZO, con DNI **8135***, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 2.- M^a JESÚS PAYO NEGRO, con DNI **8217***, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 3.- EVA PRIETO RODRÍGUEZ, con DNI **0892***, Educadora Familiar, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 4.- MARÍA PÉREZ SEOANE, con DNI **0942***, Técnica de Recursos Humanos, no departamento de Persoal e Emprego deste Concello de Lalín.
- 5.- JUAN ESTÉBAN MÉNDEZ LEIVA, con DNI **8430***.

NORMATIVA APLICABLE

- RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local TR/1986.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, LRFP.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.
- RD 861/1986, de 26 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos Funcionarios da Administración Local.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración xeral do Estado.
- Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Na Relación de Postos de Traballo (RPT) en vigor deste Concello de Lalín, aprobada por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 21 de decembro do 2007, e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 249 de data 28 de decembro de 2008, establécense a descripción e valoración dos postos, o sistema e factores de valoración, e a valoracións económicas. Dita RPT foi sufrindo distintas modificacións puntuais ao longo dos sucesivos exercizos ata a actualidade.

É dicir, existe un documento no cal se achega un manual de valoración tanto para o complemento de destino coma para o complemento específico, coa definición dos factores que o compoñen así como dos niveis que se aplican a cada un dos mesmos. Polo tanto, considero que se pode estar de acordo ou non, na valoración dada ao cada posto, pero en ningún caso se pode alegar unha valoración arbitraria ou discriminatoria.

Segundo.- No mesmo senso, o artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que as retribucións complementarias dos funcionarios son as que retribúen as características dos postos de traballo, a carreira profesional ou o desempeño, rendemento ou resultados alcanzados polo funcionario.

Terceiro.- Entrando no fondo do asunto que nos ocupa, paso a analizar as distintas alegacións presentadas á modificación puntual da RPT para o exercizo 2025.

1.- Con respecto ás alegacións presentadas polos axentes de igualdade, D. Celso Taboada Lorenzo e D^a. María Jesús Payo Negro, que en resumo veñen a expoñer o seguinte:

“Nela podemos apreciar como para un posto base do grupo A1 o complemento mínimo é o correspondente a un nivel 25, mentres ao asinante se lle asigna un nivel 24. Do mesmo xeito, podemos apreciar como, na modificación operada, os puntos outorgados aos postos do persoal de Servizos Sociais comparable por identidade funcional básica é de 7,5 mentres que ao posto deste traballador se lle asignan 5,5 puntos. Puntos, estes 5,5 que a súa vez, non se atopan xustificadas en ningún dos documentos que obran no Expediente nin se corresponde co establecido na RPT. Polo tanto, esta modificación é arbitraria e discriminatoria.”



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

Polo que solicitan que se lles outorgue un nivel 25 e 7,5 puntos ou, subsidiariamente, se manteña no nivel 24 e se modifiquen os puntos, asignándolles 7,5 puntos en igualdade de condicións.

Cumpre sinalar ao respecto que, no que ao complemento de destino se refire,

segundo o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local regula os complementos de destino aplicables na presente RPT, no seu artigo 3.2: “Dentro dos límites máximo e mínimo sinalado, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto”.

Neste senso, e de conformidade có establecido no Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado. Os intervalos dos niveis de postos de traballo que corresponden a cada Corpo ou Escala, de acordo có Grupo no que figuren clasificados, son os seguintes:

Grupo o subgrupo Nivel mínimo Nivel máximo

Grupo A1.	24	30
Grupo A2.	20	26
Grupo B.	18	24
Grupo C1.	16	22
Grupo C2	14	18

Por ende, un grupo A-1 pode ter un complemento de destino entre o nivel 24 e o 30 en función das características do posto de traballo, a carreira profesional e o desempeño, rendemento e os resultados alcanzados polo funcionario.

Polo que, a estas prazas de nova creación, asignouselle un nivel de complemento de destino 24, o cal estaría dentro dos baremos indicados, atendendo aos criterios indicados tanto das características destes postos de axente de igualdade, coma ao desempeño e rendemento dos mesmos, segundo os criterios establecidos na RPT vigor en canto a valoración dos postos, o sistema e factores de valoración.

Así mesmo, en relación ao complemento específico, segundo o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, o complemento específico está destinado a retribuír as condicións particulares dos postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade.

O Estatuto Básico do Empregado Público, no seu artigo 24 pola súa banda, con maior rango xerárquico, así como con posterioridade no tempo (superioridade xerárquica e temporal) determina só os seguintes: A especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación,



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

incompatibilidade exixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.

Neste senso, véñse sinalando entre outras pola sentenza do T.S.X. de Andalucía – Sevilla- de 5 de abril de 2017 que a creación, ou modificación deste Complemento prodúcese tras unha valoración do posto de traballo e unha xustificación individualizada da causa que motiva a súa creación ou modificación, e iso por canto que un complemento desta natureza está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade, o que esixe unha específica concreción e tramitación, rexeitando a posibilidade de efectuar unha homologación automática e concluíndo que non pode determinarse a contía do Complemento Específico, por comparación con outras categorías aínda que sexan do mesmo grupo de clasificación, xa que a súa configuración desa forma conculcaría a legalidade vixente, por canto non é posible modificar ou determinar os citados complementos sen a previa valoración do posto de traballo, en atención a factores e criterios (medibles e avaliábles) establecidos na organización, aplicables a todos, previa a preceptiva negociación sindical a través da Mesa Xeral de Negociación e aprobación final da valoración dospostos polo Pleno do Concello.

Polo que, en base ao anteriormente exposto haberá que estar a cada caso, non podendo xeneralizar unha valoración, xa que non tería sentido que todos os postos por ser responsables ou por ter o mesmo grupo de titulación, deban ter os mesmos puntos.

Un axente de igualdade encárgase fundamentalmente de deseñar, implementar e avaliar políticas, programas e accións destinadas a promover a igualdade de xénero e combater a discriminación. As súas tarefas poden incluír a elaboración de diagnósticos de igualdade, formación e sensibilización, asesoramento a organizacións, etc.

Os traballadores sociais, en cambio, traballan directamente con persoas, grupos e comunidades en situacións de vulnerabilidade para promover o seu benestar, integración e autonomía, o cal pode incluír visitas domiciliarias, mediación, xestión de recursos, etc. É dicir, estaríamos falando de funcións con maior responsabilidade, maior dificultade técnica e unha evidente maior carga de traballo.

Polo que, no que respecta ás valoracións na RPT dos complementos específicos dos postos de servizos sociais e de igualdade, estas evidencian que se tivo en conta as súas funcións, así coma a responsabilidade dos postos, a especial dificultade técnica, dedicación, e tamén a carga de traballo existente nos departamentos, sen que ante isto, poida necesariamente concluírse unha situación homoxénea ou equiparable como se pretende por parte dos alegantes. As puntuacións resultantes das valoracións dos distintos postos incluídos nesta modificación puntual da RPT son as seguintes:



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

VALORACIÓN COMPLEMENTO ESPECÍFICO RPT 2025 VALOR DO PUNTO: 128,53

<i>Posto TÉCNICO/A RRHH</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	3,20
Responsabilidade	3,00
Dedicación	1,30
Total puntos	7,50 puntos

<i>Posto TÉCNICO/A DE SOSTENIBILIDADE</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	3,20
Responsabilidade	3
Dedicación	1,30
Total puntos	7,50 puntos

<i>Posto EDUCADOR/A FAMILIAR</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	2,00
Responsabilidade	2,40
Dedicación	2,50
Total puntos	6,90 puntos

<i>Posto ASESOR/A XURÍDICO SERVIZOS SOCIAIS</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	3,20
Responsabilidade	3
Dedicación	1,30
Total puntos	7,50 puntos

<i>Posto AXENTE DE IGUALDADE</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	2,00
Responsabilidade	1,50
Dedicación	2,00
Total puntos	5,50 puntos

<i>Posto RESPONSABLE CIM-PSICÓLOGA</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	3,20
Responsabilidade	2
Dedicación	2,30
Total puntos	7,50 puntos

<i>Posto RESPONSABLE ASESOR/A XURÍDICO CIM</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	3,20
Responsabilidade	2
Dedicación	2,30
Total puntos	7,50 puntos

<i>Posto COORDINADOR/A DEPORTES</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	1,00
Responsabilidade	2,00
Dedicación	2,50
Total puntos	5,50 puntos

<i>Posto ORIENTADOR/A LABORAL</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	2,00



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

<i>Posto ORIENTADOR/A LABORAL</i>	<i>PUNTOS</i>
Responsabilidade	1,50
Dedicación	2,00
Total puntos	5,50 puntos

<i>Posto TRABALLADOR/A SOCIAL</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	2,00
Responsabilidade	2,40
Dedicación	2,50
Total puntos	6,90 puntos

<i>Posto RECEPCIONISTA SERVIZOS XERAIS</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	1,00
Responsabilidade	1,20
Dedicación	1,30
Total puntos	3,50 puntos

<i>Posto CONSERXE SERVIZOS XERAIS</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	1,00
Responsabilidade	1,20
Dedicación	1,30
Total puntos	3,50 puntos

<i>Posto AUXILIAR DE BIBLIOTECA</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	0,60
Responsabilidade	0,50
Dedicación	1,20
Total puntos	2,30 puntos

<i>Posto AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A CALIDADE</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	1,50
Responsabilidade	1,20
Dedicación	1,10
Total puntos	3,80 puntos

<i>Posto AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A TESOURERÍA</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	1,50
Responsabilidade	1,20
Dedicación	1,10
Total puntos	3,80 puntos

<i>Posto MONITOR/A SOCORRISTA</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	0,50
Responsabilidade	1,00
Dedicación	0,60
P.P.	0,20
Total puntos	2,30 puntos

<i>Posto MONITOR/A DEPORTIVO</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	0,50
Responsabilidade	1,00
Dedicación	0,80



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

<i>Posto MONITOR/A DEPORTIVO</i>	<i>PUNTOS</i>
Total puntos	2,30 puntos

<i>Posto RECEPCIONISTA SERVIZO DEPORTES</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	1,00
Responsabilidade	1,20
Dedicación	1,30
Total puntos	3,50 puntos

<i>Posto OPERARIO CONDUTOR SERVIZOS MÚLTIPLES</i>	<i>PUNTOS</i>
Especial dificultade técnica	0,80
Responsabilidade	0,50
Dedicación	1,00
Total puntos	2,30 puntos

Neste senso, o tratamento diferenciado na modificación da RPT, creada ao amparo das previsións legais, ben fundado en datos obxectivos que derivan do feito de que cada un dos grupos leva a cabo traballos de natureza diferente, e esa propia diferenciación nos traballos xustifica o diferente tratamento e a súa plena acomodación á legalidade vixente.

Polo que, á vista do exposto, considero que procedería a desestimación íntegra

das alegacións presentadas polos axentes de igualdade deste Concello de Lalín.

2.- En relación coa alegación presentada pola Educadora Familiar, D^a Eva Prieto Rodríguez, e en resumo ven a expoñer o seguinte:

“Nela podemos apreciar como para un posto base do grupo A1 o complemento mínimo é o correspondente a un nivel 25, mentres ao asinante se lle asigna un nivel 24.

Do mesmo xeito, podemos apreciar como, na modificación operada, os puntos outorgados aos postos do persoal de Servizos Sociais comparable por identidade funcional básica é de 7,5 mentres que ao posto desta traballadora se lle asignan 6,9 puntos.

Puntos, estes 6,9 que a súa vez, non se atopan xustificados en ningún dos documentos que obran no Expediente nin se corresponde co establecido na RPT. Polo tanto, esta modificación é arbitraria e discriminatoria. “

Polo que solicita que se lle outorgue un nivel 25 e 7,5 puntos ou, subsidiariamente, se manteña no nivel 24 e se modifiquen os puntos, asignándolle 7,5 puntos en igualdade de condicións”.

En relación con dita alegación, remítome integramente ao exposto no punto anterior, posto que posúe practicamente a mesma identidade de contido que as alegacións anteriores, tanto no referente ao cálculo dos complementos retributivos, de destino e específico, como aos criterios de valoración dos postos.

No mesmo senso, cumpre sinalar que as funcións dunha educadora familiar están principalmente orientadas a traballar con familias en situacións de risco, conflito ou vulnerabilidade para



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

mellorar a súa dinámica familiar, fomentar o benestar dos seus membros e promover a súa autonomía.

Os traballadores sociais, como se indicaba anteriormente, tamén traballan directamente con persoas, grupos e comunidades en situacións de vulnerabilidade para promover o seu benestar, integración e autonomía, o cal pode incluír visitas domiciliarias, mediación, xestión de recursos, etc.

Polo que, considero que neste caso si existiría unha situación comparable por identidade funcional básica, razón pola cal os puntos outorgados tanto aos traballadores sociais como no caso da educadora familiar son os mesmos, é dicir, 6,9 puntos.

En cambio, o persoal de servizos sociais que teñen asignados 7,5 puntos, correspóndese con postos de maior responsabilidade ou de maior especial dificultade técnica, como son o posto da Asesora xurídica de Servizos Sociais, o posto da Responsable do CIM-psicóloga (Directora do CIM), ou o posto de Responsable asesora xurídica do CIM.

Como dicía anteriormente, hai que estar a cada caso, non podendo xeneralizar unha valoración, xa que non tería sentido que todos os postos por ter o mesmo

grupo de titulación, deban ter os mesmos puntos.

Polo que, á vista do exposto, considero que procedería a desestimación íntegra

da alegación presentada pola educadora familiar deste Concello de Lalín.

3.- En relación coa alegación presentada pola Técnica de Recursos Humanos, D^a María Pérez Seoane, que en resumo ven a expoñer o seguinte:

“Esta interesada, como actual titular do referido posto, discrepa do nivel de CD asignado que, en lugar do 25, debe ser o nivel 27. Por varias razóns:

1.- A sentenza do Xulgado do Social núm. 3 de Pontevedra de 19.02.2024 (procedemento ordinario 434/2023) recoñécelle un nivel 27.

2.- Ao asignar devandito nivel 25 de CD este Concello incorre nunha clara infracción do dereito á igualdade retributiva xa que todo o persoal funcionario denominado como técnico/a pertencente ao grupo A1, independentemente do servizo ao que se adscriba, ten asignado un nivel 27 de complemento de destino.

3.- O CD nunca poderá ser o dereito retributivo a través do cal se poida establecer unha diferenza de trato baseada nas características do traballo entre persoal funcionario coa mesma categoría de posto e grupo.

Polo que solicita que ao posto de TÉCNICO/A DE RECURSOS HUMANOS asíneselle un nivel 27 de complemento de destino.”

En relación con dita alegación cumpre sinalar o seguinte:



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

1.- A sentenza do Xulgado do Social núm. 3 de Pontevedra de 19.02.2024 (procedemento ordinario 434/2023) non lle recoñece un nivel 27 como alega esta traballadora, senón que se lle recoñece o dereito a percibir as diferenzas retributivas entre un nivel 25 e un nivel 27 no período de xaneiro a xullo do 2023, posto que nese intre o Concello non aportou os criterios utilizados para a fixación do citado complemento.

“FALLO: Estimando parcialmente la demanda interpuesta por DOÑA MARIA PEREZ SEOANE frente al CONCELLO DE LALIN, declaro el derecho de la demandante a percibir un salario de 3642,79€ por los conceptos señalados en el periodo de enero a julio de 2023, condenando al demandado a estar y pasar por esta declaración y a abonar a la demandante la cantidad de 13922,91€ en concepto de diferencias salariales, incrementada con el 10% de interés por mora.”

Sin embargo, na modificación puntual que nos ocupa, tal e como se indicaba anteriormente, sí se establecen os criterios utilizados para a fixación do complementos retributivos de dito posto de técnica de RRHH, segundo o sistema de valoración establecido na RPT en vigor.

2.- Con respecto a alegación de que asignando a dito posto un nivel 25 de CD, este Concello incorre nunha clara infracción do dereito á igualdade retributiva xa que todo o persoal funcionario denominado como técnico/a pertencente ao grupo A1, independentemente do servizo ao que se adscriba, ten asignado un nivel 27 de complemento de destino, esta non se axusta á realidade, posto que as prazas de TAG de Contratos, TAG de Intervención e nóminas, e a praza de TAG Xefe de Persoal e Emprego, creáronse inicialmente cun nivel 25, ata que a través da modificación puntual da RPT do exercicio 2023 asignóuselles o nivel 27 en atención aos criterios de valoración sinalados. A súa vez, na modificación puntual da RPT deste exercicio existen varios postos cun nivel 24, segundo os referidos criterios obxectivos indicados. Polo que, considero que quedaría acreditado que non se incorre en infracción do dereito á igualdade retributiva como se alega de adverso, senón que cada valoración responde aos criterios obxectivos establecidos.

3.- Tendo en conta que na estrutura do Departamento de RRHH inclúese unha xefatura directa, por encima do mencionado posto, como é a de Xefe do Servizo, dito posto contaría coa supervisión da devandita xefatura, vendo reducida a súa responsabilidade. O posto de Xefe de Servizo conta cun nivel 27, non podendo outorgar o mesmo nivel ao posto de técnico que ao propio responsable do servizo polas razóns expostas.

Polo que, á vista do exposto, considero que procedería a desestimación íntegra da alegación presentada pola técnica de RRHH deste Concello de Lalín.

4.- En relación coa alegación presentada por D. Juan Esteban Méndez Leiva, cumpre sinalar o seguinte:

Por parte do Sr. Leiva, fanse unha serie de consideracións en relación coa estabilización que non deixan de ser xuízos de valor, que considero pretenden inducir a confusión, polo que, donde hai confusión procede poñer distinción.

1.- En relación coa alegación sobre a publicación, cumpre sinalar que por acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 29 de novembro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

da Relación de postos de traballo, dito anuncio de aprobación inicial da RPT, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de decembro de 2024, núm. 236. É dicir, foi publicado no BOP ao terceiro día hábil a contar dende a súa aprobación inicial.

2.- Con respecto á alegación de que non consta que a modificación puntual da RPT fose negociada coa representación sindical, cumpre sinalar que figura no expediente referenciado a correspondente acta da mesa de negociación sindical de data 19 de novembro de 2024.

3.- En relación coas prazas incluídas no Plan de Estabilización, tal e como se pode comprobar no expediente da súa razón, propónse a modificación puntual da RPT en vigor para proceder á creación das mesmas, xa que as prazas que forman parte de dito proceso son prazas estruturais que deberían incluírse de forma oficial na RPT, que é o instrumento que organiza e clasifica os postos de traballo de cada administración ou entidade pública. Esta inclusión asegura que as prazas pasen a formar parte da estrutura organizativa de maneira permanente, sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo. Estaríamos falando das seguintes 27 prazas:

CÓDIGO	POSTO	VÍNCULO	PAZAS
FN.A1.023	TÉCNICO/A DE RECURSOS HUMANOS	FUNCIONARIOS	1
FN.A1.005	TÉCNICO/A DE SOSTENIBILIDADE	FUNCIONARIOS	1
FN.A1.025	EDUCADOR/A FAMILIAR	FUNCIONARIOS	1
FN.A1.022	ASESOR/A JURÍDICO/A	FUNCIONARIOS	1
FN.A1.029	AGENTE DE IGUALDADE	FUNCIONARIOS	2
FN.A1.027	RESPONSABLE CIM- PSICÓLOGO/A	FUNCIONARIOS	1
FN.A1.024	ASESOR/A JURÍDICO/A	FUNCIONARIOS	1
FN.A1.026	COORDINADOR/A DE DEPORTES	FUNCIONARIOS	1
FN.A2.009	ORIENTADOR/A LABORAL	FUNCIONARIOS	1
FN.A2.010	TRABAJADOR/A SOCIAL (1 NUEVA)	FUNCIONARIOS	3
FN.AAPP.038	RECEPCIONISTA	FUNCIONARIOS	1
FN.AAPP.001	Conserxe	FUNCIONARIO	1
FN.C1.007	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	FUNCIONARIOS	1
FN.C2.008	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE CALIDADE	FUNCIONARIOS	1
FN.C2.007	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE TESOUSERÍA	FUNCIONARIOS	1
LB.TPC2.004	MONITOR/A SOCORRISTA	LABORAIS	4
LB.C2.012	MONITOR/A DEPORTIVO	LABORAL	1
LB.C2.013	MONITOR/A DEPORTIVO pasar de xornada parcial a completa	LABORAL	1
FN.AAPP.038	RECEPCIONISTA	FUNCIONARIO	1
LB.AAPP.006	OPERARIO CONDUTOR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	LABORAIS	2
Total			27

Polo que, a modificación puntual da RPT non supón dar “carta de natureza”, como se indica de adverso, a prazas inexistentes, xa que estas prazas, como se pode comprobar, xa existían na plantilla de persoal deste Concello, é dicir, trátase de prazas preexistentes que se incluíron no plan de estabilización dando así cumprimento a establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e agora se lles da cobertura na RPT, pasando a formar parte da estrutura organizativa deste Concello de maneira permanente.



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

4.- En relación coa alegación sobre a modificación da xornada, cambio de denominación e funcións dos postos, cumpre sinalar que a creación, supresión ou modificación dun posto de traballo na RPT están dentro da potestade organizativa do Goberno Local. Considero, a súa vez, que ditas modificacións están convenientemente motivadas e xustificadas no expediente da súa razón.

5.- En canto á alegación pola falta de transparencia, posto que o informe de Secretaría non está colgado no portal de transparencia, cumpre sinalar que este expediente non está rematado, co cal non se rixe pola lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, posto que aínda está en trámite. Unha vez aprobada definitivamente a modificación puntual da RPT remitirase copia do acordo adoptado aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e publicárase íntegramente a modificación da Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia, xunto cós informes preceptivos, demais documentación relacionada e anexos, no portal de transparencia.

Polo que, á vista do exposto, considero que procedería a desestimación íntegra da alegación presentada por D. Juan Estéban Méndez Leiva.

CONCLUSIÓN

Á vista dos argumentos expostos no presente informe, considero que procedería desestimar en todos os seus extremos as alegacións presentadas polos seguintes interesados:

- 1.- CELSO TABOADA LORENZO, con DNI **8135***, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 2.- M^a JESÚS PAYO NEGRO, con DNI **8217***, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 3.- EVA PRIETO RODRÍGUEZ, con DNI **0892***, Educadora Familiar, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.
- 4.- MARÍA PÉREZ SEOANE, con DNI **0942***, Técnica de Recursos Humanos, no departamento de Persoal e Emprego deste Concello de Lalín.
- 5.- JUAN ESTÉBAN MÉNDEZ LEIVA, con DNI **8430***.

En relación a este expediente o técnico que subscribe procede á emisión do presente informe xurídico-administrativo que, como sempre, somete a calquera outro mellor fundado en Dereito.

Lalín, na data da sinatura electrónica

O XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL E EMPREGO"

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: BEN4LU4J4LHASVTQ



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

Visto o informe emitido polo Secretario Xeral, de data 20 de xaneiro de 2025 (Cod. Validación: 6NPJRQZF79JRSQ3FPS42YA75D), no que conclúe o seguinte:

“CONCLUSIÓN.-

PRIMEIRA.- Resulta adecuada á legalidade, con base nos antecedentes expostos, a amortización na Relación de Postos de Traballo en vigor, dos postos que se pretenden, por canto o Concello ostenta a potestade de autoorganización, recollida no artigo 4.1. a) da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e dita amortización prodúcese polo acordo do Pleno da Corporación Municipal en sesión de 27 de maio de 2022.

SEGUNDA.- No tocante á creación das prazas anteriormente referenciadas, considérase axeitada esta opción dada a potestade de autoorganización que ostentan as Entidades Locais, debendo respectar a taxa de reposición de efectivos e a lexislación en materia de Orzamentos Xerais do Estado.

O mesmo procede afirmar dos niveles de complemento de destino recollidos na proposta, cumpre a normativa.

TERCEIRA.- O apartado de cambio de denominación e definición de funcións da praza de Técnico de Admón Xeral a Xefe/a de Servicio resulta dubidoso e cuestionable, como se dixo no informe anterior.

CUARTA.- Sobre a ampliación de xornada e dedicación da praza de Animador Deportivo remítome ao recollido no apartado correspondente deste informe e aos anteriores emitidos sobre esta materia.”

Visto o informe emitido pola Interventora Xeral, de data 20 de xaneiro de 2025 (Cod. Validación: AFS4QKWRL5ZRFFK497WHSM773), no que conclúe o seguinte:

“CONCLUSIÓN.

Con suxeición ó establecido nos artigos 219.2 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o artigo 13 do RD 424/2017, de 28 de abril, fiscalizo de conformidade o expediente coas observacións indicadas nos apartados deste informe de acordo cos termos previstos na Base 67ª das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2025.”

PRIMERO.-Por acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 29 de novembro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo, RPT, deste Concello de Lalín, de conformidade có establecido no artigo 22.2.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, LBRL, e co artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Dito anuncio, de aprobación inicial da RPT, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de decembro de 2024, núm. 236, de conformidade co establecido no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

someténdose a información pública polo prazo de 20 días, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- En relación coa mesma foron presentadas as seguintes alegacións:

CELSO TABOADA LORENZO, con DNI **8135**, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.

M^a JESÚS PAYO NEGRO, con DNI **8217**, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.

EVA PRIETO RODRÍGUEZ, con DNI **0892**, Educadora Familiar, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.

MARÍA PÉREZ SEOANE, con DNI **0942**, Técnica de Recursos Humanos, no departamento de Persoal e Emprego deste Concello de Lalín.

JUAN ESTÉBAN MÉNDEZ LEIVA, con DNI **8430**.

Á vista do informe emitido ao efecto polo Xefe do Servizo de Persoal e Emprego con data 15 de xaneiro de 2025, e de conformidade co establecido no artigo

22.2.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, LBRL, e co artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Desestimar en todos os seus extremos as alegacións presentadas polos seguintes interesados, de conformidade co informe emitido polo Xefe do Servizo de Persoal e Emprego, de data 14/01/2025, que serve de motivación ao presente acordo:

CELSO TABOADA LORENZO, con DNI **8135**, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.

M^a JESÚS PAYO NEGRO, con DNI **8217**, Axente de Igualdade, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.

EVA PRIETO RODRÍGUEZ, con DNI **0892**, Educadora Familiar, no departamento de Servizos Sociais deste Concello.

MARÍA PÉREZ SEOANE, con DNI **0942**, Técnica de Recursos Humanos, no departamento de Persoal e Emprego deste Concello de Lalín.

JUAN ESTÉBAN MÉNDEZ LEIVA, con DNI **8430**.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo, RPT, deste Concello de Lalín, de acordo cos antecedentes obrantes no expediente e recollidos no anexo que se achega coa proposta.



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

ANEXO 1.

MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT.

A	B	C	D	E	F	G	H	I
MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT 2025								
CÓDIGO	POSTO	VÍNCULO	PLAZAS	SERVICIO UNIDADE	GRUPO	C. DESTINO	TOTAL PUNTOS	CE PROPIO
FN.A1.023	TÉCNICO/A DE RECURSOS HUMANOS	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE RECURSOS HUMANOS	A1	25 ²¹	7,5	13.495,65 €
FN.A1.005	TÉCNICO/A DE SOSTENIBILIDADE	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE INFRAESTRUTURAS Y MEDIO AMBIENTE	A1	24 ²¹	7,5	13.495,65 €
FN.A1.025	EDUCADOR/A FAMILIAR	FUNCIONARIOS	1	SERVICIOS SOCIALES	A1	24 ²¹	6,9	12.416,00 €
FN.A1.022	ASESOR/A JURIDICO/A	FUNCIONARIOS	1	SERVICIOS SOCIALES	A1	25 ²¹	7,5	13.495,65 €
FN.A1.029	AGENTE DE IGUALDADE	FUNCIONARIOS	2	SERVICIOS SOCIALES	A1	24 ²¹	5,5	9.896,81 €
FN.A1.027	RESPONSABLE C/M. PSICOLÓXICO/A	FUNCIONARIOS	1	SERVICIOS SOCIALES	A1	24 ²¹	5,5	9.896,81 €
FN.A1.024	ASESOR/A JURIDICO/A	FUNCIONARIOS	1	SERVICIOS SOCIALES C/M	A1	24 ²¹	7,5	13.495,65 €
FN.A1.026	COORDINADOR/A DE DEPORTES	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE DEPORTES	A1	24 ²¹	5,5	9.896,81 €
FN.A2.009	ORIENTADOR/A LABORAL	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE RECURSOS HUMANOS	A2	23	5,5	9.896,81 €
FN.A2.010	TRABAJADOR/A SOCIAL (1 NUEVA)	FUNCIONARIOS	3	SERVICIOS SOCIALES	A2	24	6,9	12.416,00 €
						24	6,9	12.416,00 €
						24	6,9	12.416,00 €
FN.AA.PP.038	RECEPCIONISTA	FUNCIONARIOS	1	SERVICIOS VERAIS	AGR	13	3,5	6.297,97 €
FN.AA.PP.001	COORDINADOR	FUNCIONARIO	1	SERVICIOS VERAIS	AGR	13	3,5	6.297,97 €
FN.C1.007	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE CULTURA	C2	16	2,3	4.138,67 €
FN.C2.008	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE CONTABILIDADE	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE INTERVENCIÓN	C2	16	3,8	6.837,80 €
FN.C2.007	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE TESORERÍA	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE TESORERÍA	C2	16	3,8	6.837,80 €
						16	2,3	4.138,67 €
LB.TP.C2.004	MONITOR/A SOCORRISTA	LABORALES	4	SERVICIO DE DEPORTES	C2	16	2,3	4.138,67 €
						16	2,3	4.138,67 €
						16	2,3	4.138,67 €
LB.C2.012	MONITOR/A DEPORTIVO	LABORAL	1	SERVICIO DE DEPORTES	C2	16	2,3	4.138,67 €
LB.C2.013	MONITOR/A DEPORTIVO pasar de jornada parcial a completa	LABORAL	1	SERVICIO DE DEPORTES	C2	16	2,3	4.138,67 €
FN.AA.PP.038	RECEPCIONISTA	FUNCIONARIO	1	SERVICIO DE DEPORTES	AGR	13	3,5	6.297,97 €
FN.AA.PP.006	OPERARIO CONDUCTOR DE SERVICIOS MÚLTIPLES	LABORAIS PLAN DE ESTABILIZACIÓN	2	VÍAS PÚBLICAS	AGR	13	2,3	4.138,67 €
						13	2,3	4.138,67 €
			TOTAL POSTOS	27				
VALOR PUNTO TRABAJADORES (PROPUESTA)								
VALOR PUNTO			128,53					
21) Recompensación por antigüedad								

Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

PRAZAS QUE FIGURAN NA RPT VIXENTE

PRAZAS QUE FIGURAN NA RPT VIXENTE								
CÓDIGO	POSTO	VÍNCULO	PRAZAS	SERVICIO UNIDADE	G.T.	ND PROP	TOTAL PUNTOS	CE PROPIO
FN.A2.007	TÉCNICO/A MEDIO DE EMPLEO	LABORALES	1	SERVICIO DE RECURSOS HUMANOS	A2	23	6,9	12.416,00 €
FN.AAPP.001	CONSERJE	FUNCIONARIOS	4	SERVICIO XERAIS	AGP	13	2,3	4.138,67 €
						13	2,3	4.138,67 €
						13	2,3	4.138,67 €
						13	2,3	4.138,67 €
FN.B.001	TÉCNICO/A DE INFORMÁTICA*	FUNCIONARIOS	1	ÁREA DE SERVICIOS XERAIS	B	22	4,7	8.457,27 €
LB.AAPP.010	OPERARIO/A DE LIMPIEZA (JORNADA PARCIAL)	LABORALES	4	ÁREA DE SERVICIOS XERAIS	AGP	13	1	1.799,42 €
						13	1	1.799,42 €
						13	1	1.799,42 €
						13	1	1.799,42 €
LB.AAPP.008	OPERARIO/A DE LIMPIEZA	LABORALES	2	ÁREA DE SERVICIOS XERAIS	AGP	13	2	3.598,84 €
						13	2	3.598,84 €
LB.C2.012	MONITOR/A DEPORTIVO	LABORALES	2	SERVICIO DE DEPORTES	C2	16	2,3	4.138,67 €
						16	2,3	4.138,67 €
LB.AAPP.005	ENCARGADO/A DE MANTENIMIENTO	LABORALES	1	SERVICIO DE DEPORTES	AGP	13	2,3	4.138,67 €
LB.C2.006	AUXILIAR DE PROTECCIÓN CIVIL	LABORALES	6	SERVICIO DE EMERGENCIAS	C2	16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
FN.A1.009	TECNICO DE URBANISMO	FUNCIONARIOS	1	URBANISMO	A1	26	11,07	19.919,58 €
VALOR PUNTO TRABAJADORES (PROPUESTA)		TOTAL DE POSTOS	22					Total CE
VALOR PUNTO	128,53							125.905,42 €



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

AMORTIZACIÓN PRAZAS

PROPUESTA AMORTIZACIÓN PRAZAS RPT VIXENTE								
A.-PERSONAL FUNCIONARIO:								
CODIGO/PRAZA	DOTACION	TIPO DE POSTO	FORMA PROVISION	GRUPO	SALARIO BASE	C. DESTINO Nivel	C. DESTINO euros	C. ESPECIFICO euros
A-3 POLICÍA LOCAL -Administrativo (posto de traballo de 2ª activdade)	1	N	C/ 2ª ACTIVD.	C1	11.826,64 €	19	6.989,36 €	6.813,53 €
A-4 VIXENDA E URBANISMO Inspector Xefe de Obras e Servizos	1	S	C	A2	15.441,76 €	23	9.152,64 €	9.608,83 €
A-13 PERSOAL E EMPREGO Técnico Admon. Xeral Subvencións	1	N	C	A1	17.560,44 €	27	13.330,38 €	19.741,78 €
Condutor Operario	1	N	C	AG.P.	9.187,22 €	14	5.109,58 €	6.190,01 €
Operario	1	N	C	AG.P.	9.187,22 €	13	4.732,98 €	6.190,01 €
					TOTAL SALARIO BASE	TOTAL CD	TOTAL CE	TOTAL
					63.203,28 €	39.314,94 €	48.544,16 €	151.062,38 €
B.-PERSONAL LABORAL:								
CODIGO/PRAZA	DOTACION	TIPO DE POSTO	FORMA PROVISION	GRUPO	SALARIO BASE	C. DESTINO Nivel	C. DESTINO euros	C. ESPECIFICO euros
B-2 ADMINISTRACIÓN XERAL -Operario/a de limpeza	1	N	C	AG.P.	9.187,22 €	13	4.732,98 €	4.005,83 €
B-5 PROMOCIÓN DE EMPREGO -Axente de Emprego Desenv. Local	1	N	C	A2	15.441,76 €	23	9.152,64 €	12.054,71 €
B-7 CULTURAL -Auxiliar Encargado OMIX	1	N	C	C2	10.024,64 €	18	6.613,18 €	6.638,83 €
B-9 PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE - Programador deportivo-Monitor	1	N	C	C2	10.026,64 €	16	5.861,66 €	5.765,30 €
					TOTAL SALARIO BASE	TOTAL CD	TOTAL CE	TOTAL
					44.680,26 €	26.360,46 €	28.464,67 €	99.505,39 €
					TOTAL FUNCIONARIO E LABORAIS	250.567,77 €		



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

PRAZAS DE NOVA CREACIÓN

PRAZAS DE NOVA CREACIÓN								
CÓDIGO	POSTO	VÍNCULO	PRAZAS	SERVICIO UNIDADE	G.T.	ND PROP	TOTAL PUNTOS	CE PROPIO
FN.A2.048	TÉCNICO/A DE PERSONAL	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE RECURSOS HUMANOS	A2	24	6,3	11.336,35 €
FN.A2.001	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A	FUNCIONARIOS	1	SERVICIO DE URBANISMO	A2	24	6,3	11.336,35 €
FN.A2.010	TRABALLADOR SOCIAL	FUNCIONARIOS	1	SERVICIOS SOCIALES	A2	24	6,9	12.416,00 €
LB.C2.006	AUXILIAR DE PROTECCIÓN CIVIL	LABORALES	3	SERVICIO DE EMERGENCIAS	C2	16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
						16	4,2	7.557,56 €
						13	2,3	4.138,67 €
FN.AAPP.001	CONSERJE	FUNCIONARIOS	3	SERVICIOS XERAIS	AG.P	13	2,3	4.138,67 €
						13	2,3	4.138,67 €
		TOTAL DE POSTOS	9					Total CE
								70.177,39 €
VALOR PUNTO TRABAJADORES (PROPUESTA)								
VALOR PUNTO	128,53							

Terceiro.- De conformidade co establecido nos informes que obran no expediente, a implantación económica, de forma íntegra, das novas prazas que se crean, procedentes do Plan de Estabilización, terá efectos de data 1 de xaneiro de 2025, de xeito que, o abono das retribucións que correspondan a cada praza efectuarase con carácter retroactivo, e unha vez en vigor o orzamento municipal, dende o 1 de xaneiro de 2025.”

